

IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

GRUPO DE TRABAJO DE TRASLADOS

A Administración e o resto de sindicatos exclúen ás persoas con discapacidade intelectual

Función Pública, UXT, CCOO e CSIF acordaron a convocatoria dun concurso extraordinario para o persoal de convenio do Grupo E0 (Grupo creado para a inclusión laboral de persoas con discapacidade intelectual). Este concurso incluírá 21 postos, 15 deles en Madrid, para a mobilidade deste colectivo, xa que ate o de agora, en contra do noso criterio, non convocaran ningún posto deste grupo no Concurso Aberto e Permanente.

Desde a CIG queremos denunciar as inxustizas que están cometendo con estas compañeiras e compañeiros:

1. Xa levamos moito tempo reclamándolle á Administración a **necesidade de mediación, formación e adaptación dos postos que require a integración laboral** deste colectivo, incluso contactamos con entidades sen ánimo de lucro, que realizan estas actividades de mediación e seguimento e puxémoslos en contacto con **Función Pública**, que **non mostrou interese** algún neste tema. Mentres e o propio persoal da AXE é o que está asumindo estas funcións sen ningún tipo de axuda ou formación, e isto está xerando situacións nada desexables, e que para nada facilitan a inclusión laboral destas persoas.
2. Nas derradeiras ofertas de emprego están incluídas **máis de 200 postos de nova creación deste Grupo E0 que nunca pasaron por concurso**, o que incumpre o Convenio, e ás que xa non van a poder optar o persoal actual.
3. **A convocatoria dun Concurso Extraordinario implica que o persoal do grupo E1**, entre o que tamén se atopan persoas con discapacidade intelectual das convocatorias do III Convenio, **non poderá optar a estes postos**, como si poderían facer se se convocaran no concurso ordinario, que é o que reclamamos desde a CIG. Xa por último, resulta sorprendente que a suposta intención de facilitar a mobilidade deste persoal consista na oferta de só 21 prazas, e por riba 15 delas en Madrid.

Desde a CIG creemos firmemente na Inclusión Social e opoñémonos á creación de Guetos. **Reclamamos a inclusión no Concurso Aberto e Permanente de todos os postos de necesaria cobertura e de todos os Grupos, tal e como esta recollido no IV CUAGE que todos acordamos e asinamos.**

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota